

A LEITEIRIÑA

Choraba á neniña,
 Choraba de pena,
 E á fio cañalle
 As ardentes bágoas por ambas meixelas.

Choraba na rúa,
 Na rúa Travesa,
 Mirando escachada
 A oliña é o leite correndo antre as pedras.

As xentes pasaban,
 Pasaban de presa,
 Sen lle creto daren
 A tanta tristura, á pena tan fera.

—¿Tí qué tés, neniña?
 ¿Qué tés, miña reina?
 ¿Seique te escorreches,
 Ou tí trompezaches, por ires lixeira?

—¡Ay, miña leitiña!
 ¡Nunca Dios me dera!
 ¡Nunca á vila eu hoxe,
 Ouvera ordenado de vir á vendela!

¡Nunca aquel rillote
 Cara á mín viñera!
 ¡Nunca eu o mirara,
 Que pol-a sua culpa tiven esta perda!

Viña o moy zolado,
 Andando ás carreiras
 De cote alentando
 Cara isa ventana que está xunt-a eirexa.

Eu ¡malpocadiño!
 Erguín miña testa
 Pra veren ¡coitada!
 O que lle facía mirar á maneira

Destonces ó pícaro
 Fay que en mín trompeza
 E no seo púxome
 Ambas mans que, súpeto, mapalpan é apertan

—
 Eu din un gran berro;
 El rí á boca chea;
 Querendo tornalo,
 Pégolle co á ola, que escacha é reventa.

—
 ¡Ay, disgraciadiña!
 ¡Qué sorte tan negra
 Foi á mina, hoxe!
 ¡Seica millor fose crebára unha pernal

—
 —Rapariga, cala;
 Non chores, contesta;
 ¿Canto valería
 A ola é ó leite que levabas nela?

—
 —¡Moito! ¡moitos cartos!
 Como tres pesetas,
 Mais ben mais que menos,
 Porque lle era o leite moi bóo ¡abofellas!—

—
 —Pois toma é non chores;
 Adios, feiticeira;
 Adios, é percura
 Non mirar pra o alto, cando á vila veñas.—

—
 —¡Gracias, señoríño!
 Que Diolo protexa!
 ¡A virxen llo pague!
 ¡Vaya polas ánemas! ¡viva canto queira!

.....
 ¡Hoxe foi bon día!
 ¡Tiven boa colleita!
 ¡Quen me dera topar co rillote,
 Agora, que marchó servida é valeira!...

EMILIANO BALÁS